

PROXECTO LINGÜÍSTICO DE CENTRO



Período 2017-2021

IES FONMIÑÁ

(A PASTORIZA-LUGO)

INDICE

- 1. Introducción (páx. 2)**
- 2. Análise da situación actual do IES Fonmiñá (pp. 2-7)**
 - a) O contorno sociolingüístico do centro (páx. 2)**
 - b) A situación do profesorado (páx. 3)**
 - c) A situación do alumnado (páx. 4)**
 - d) A situación lingüística do propio centro (páx. 6)**
- 3. Obxectivos por sectores (pp. 7-9)**
 - a) Para a contorna (páx. 7)**
 - b) Para o profesorado e para o centro (páx. 8)**
 - c) Para o alumnado (páx. 8)**
 - d) Específicos para o fomento do uso do galego (páx. 9)**
- 4. Medidas e actuacións para levalos a cabo (pp. 9-14)**
 - a) Medidas xerais (páx. 9)**
 - b) Medidas adoptadas para garantir os obxectivos do fomento do plurilingüismo (páx. 11)**
 - c) Medidas de reforzo destinadas a mellorar a competencia lingüística do alumnado con necesidades de apoio educativo (páx. 12)**
- 5. Distribución lingüística curricular (páx. 14)**
- 6. Equipo de Dinamización Lingüística (páx. 16)**
- 7. Impartición de materias en linguas estranxeiras (páx. 18)**
- 8. Avaliación do proxecto (páx. 19)**

1. INTRODUCCIÓN.

Como ben se reflicte na lexislación vixente, as linguas constitúen un elemento básico de identidade cultural e representan un valor fundamental de cohesión dunha comunidade. O Estatuto de Autonomía de Galicia, no seu artigo 5, define o galego como lingua propia de Galicia e dispón que os idiomas galego e castelán son oficiais en Galicia e que todos teñen o dereito de coñecelos e usalos.

No curso 2010/2011 elaboramos o noso **Proxecto Lingüístico de Centro**, baseado no *Decreto 124/2007, do 28 de xuño, polo que se regula o uso e a promoción do galego no sistema educativo*, e no *Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia* para concretar a nosa planificación lingüística e especificar, entre outros datos, a distribución lingüística curricular, as medidas de apoio e reforzo para mellorar a competencia lingüística do alumnado e as actuacións encamiñadas a dinamizar o uso da lingua galega.

A posta en práctica deste proxecto requiriu dun importante traballo ao longo destes últimos cursos escolares.

2. ANÁLISE DA SITUACIÓN ACTUAL DO IES FONMIÑÁ.

a) O contorno sociolingüístico do centro.

O IES Fonmiñá é un instituto pequeno situado no Concello de A Pastoriza (Lugo), que conta con dous colexios adscritos, o CEIP O Salvador en A Pastoriza e o CEIP de Bretoña, onde estudaron a maioría dos alumnos e alumnas do noso centro antes de acceder á ESO.

Estamos nunha área eminentemente rural cuxos habitantes se dedican na súa maioría a actividades agrícolas e gandeiras, que son a principal fonte de ingresos da zona. Unha minoría ten negocios autónomos (tendas, talleres mecánicos, hostalería, transportistas...) e tamén hai un número considerable de pais que traballan como albaneis e canteiros, e de nais, que exercen como coidadoras de anciáns, traballos todos estes, que tamén compaxinan en bastantes casos cos labores do campo. Así mesmo, temos algúns pais e nais que desempeñan actividades diferentes ás propias da

contorna, coma a de mestra, director de sucursal bancaria, administrativos, comerciais, etc., pero trátase de grupos reducidos.

Agás un pequeno grupo con estudos medios (o antigo Bacharelato e Ciclos de FP) e un moi reducido con estudos universitarios, **a maior parte dos pais e nais dos alumnos do centro posúen estudos básicos.**

Canto ao idioma das súas relacións familiares, sociais e laborais, o galego é o empregado na inmensa maioría. Soamente unha familia procedente de Vigo e outra procedente de Cataluña utilizan o castelán como lingua habitual. Tamén contamos cunha familia de orixe marroquí e con dúas de orixe cubana, cuxos fillos utilizan o galego con normalidade, aínda que na casa se fale o árabe e o castelán, respectivamente.

Malia que o galego segue a ser lingua maioritaria, a situación diglósica é palpable nalgúns ámbitos como o administrativo, comercial ou na lingua escrita en xeral, nos que o castelán predomina sobre o galego. No caso da lingua escrita é debido a que os pais non aprenderon ou non teñen hábito de usar a lingua galega para usos formais.

Con todo, a actitude cara ao galego é positiva –mesmo reivindicativa nalgúns casos– e ninguén renega do seu uso nin adoita mudar de lingua se o outro interlocutor se dirixe en castelán.

b) A situación do profesorado.

Entre o profesorado do IES Fonmiñá a actitude cara ao galego, en xeral, non é negativa en ningún membro do equipo docente. **Mesmo o profesorado plenamente castelanfalante adoita ser tolerante e respectuoso co alumnado, galegofalante** . Así e todo temos que notar que non se apreza un esforzo especial por parte destes docentes por se comunicaren en galego, alegando falta de costume ou dificultades para falalo ou impartir clase nese idioma, pese a teren competencias e ferramentas abondas para realizalo. Pero tampouco poñen atrancos á hora de redactar en lingua galega documentos, material de traballo, organizar actividades ou elaborar algún artigo para a revista escolar, entre outras cousas. En varias ocasións acoden ao EDL para que se lles revisen os textos.

A maioría do profesorado alterna as dúas linguas no seu traballo. Esa é a situación máis habitual no noso centro. Os motivos percibidos ao longo destes anos son

varios, moitos deles veñen dados **por prexuízos lingüísticos fortemente enraizados na nosa sociedade** coma os que citamos a seguir de xeito resumido:

- O feito de pensar que hai que recorrer ao castelán cando alguén se dirixe a eles/as nese idioma.
- Aos rapaces do medio rural non lles “convén” ser monolingües en galego porque así non poden progresar académica nin socialmente.
- Reticencia cara aos novos vocábulos en lingua galega que non teñen que ver co “galego da casa que falaron ou escoitaron toda a vida”.
- Certo sentimento de vergoña de non estar “á altura” impartindo clase en lingua galega, alegando descoñecemento parcial do idioma normativo cando nalgúns casos -non en todos- tampouco son conscientes de que o seu dominio do castelán é deficiente (está ateigado de galeguismos)
- Hábitos lingüísticos familiares. Aínda que varios docentes proveñan de contornos galegofalantes, en bastantes ocasións recorren ao castelán porque foi a súa lingua básica de formación académica e senten que co galego non dan cuberto as necesidades das materias que explican, provocando involuntariamente dentro da aula una situación diglósica que relega o galego ás charlas e aos contextos máis informais e o castelán, aos aspectos máis científicos e académicos.

Tamén temos que dicir que a actitude destes profesores e profesoras cara ao noso idioma é sempre moi positiva e consideran importante e aprezan que o galego estea presente nas aulas.

Rematamos este breve informe citando a unha **minoría do profesorado monolingüe en lingua galega**, que fala o idioma movidos polo seu entorno familiar, pero sobre todo por reivindicación lingüística.

c) A situación do alumnado.

No que respecta ao alumnado do IES Fonmiñá, xa aludimos no anterior proxecto que o galego era a lingua habitual de case todos os rapaces e rapazas do centro. Na maioría dos casos son monolingües en galego e cando se lles ten preguntado sobre os seus hábitos de uso, practicamente todos reivindicán e apoian o seu uso e aseguran utilizalo en todos os ámbitos, mesmo fóra da súa contorna habitual e en

contornos castelanfalantes. Non podemos esquecer que as súas familias, na súa maioría, forman parte do sector agrícola e gandeiro no que a lingua habitual é o galego, que en moitas ocasións, de xeito espontáneo, cualifican de “castrapo” polos castelanismos que o contaminan.

Por ese motivo o EDL e mais o Departamento de Lingua Galega así como o resto do persoal docente interesado, ten o deber de lles acostumar a utilizar e a ler un galego culto coa menor deturpación posible e sobre todo –ese é o labor máis importante- a mentalizalos a que non relacionen a súa lingua co rural e coa xente sen formación e que poden utilizala en calquera rexistro. Parte da “culpa” de que os alumnos pensen así son os medios de comunicación e as redes sociais, e acaban asociando o moderno e o actual co castelán, e o galego co enxebre e o rudo, tamén fomentado por programas televisivos de canles autonómicas. Temos que ter en conta que a estas idades (entre 12 e 16 anos) son moi facilmente influenciábeles. **O resultado na aula en moitos caso é unha mala competencia escrita en galego e en castelán, con moitas interferencias entre ambos os dous idiomas.**

Vimos de mencionar o maioritario uso do galego entre o alumnado do centro. Agora imos comentar brevemente as situacións excepcionais que se dan, isto é, a do alumnado que ten como lingua vehicular o castelán. No noso caso concreto trátanse de dúas parellas de irmáns. Unha delas, provén de Vigo e sempre falaron en castelán. A súa actitude cara ao galego é de rexeitamento total. Temos que dicir tamén a este respecto que se trata de dous irmáns con N.E.E. bastante importantes e como docentes temos que ser conscientes de quen veñen ás veces eses comportamentos.

Pola contra, no caso dos outros dous irmáns, malia levaren vivindo dous anos no Concello de A Pastoriza, estiveron escolarizados moitos anos en diferentes CEIP de Lugo onde o castelán era a lingua habitual de comunicación entre o alumnado e ademais súa nai non é de orixe galega. Curiosamente, fronte a outros casos que se deron no centro, non se adaptaron aos hábitos lingüísticos da contorna e seguen a manter o castelán como lingua de uso na escola, agás nas aulas de Lingua Galega. Con todo, non amosan rexeitamento cara á lingua galega e están perfectamente integrados co resto dos compañeiros. Coidamos que a actitude de desleixamento en niveis previos á ESO non contribuíu a que aprendesen a se desenvolvérense e a aprezaeren máis o uso do idioma.

Non podemos rematar o informe do alumnado sen falar da familia marroquí, integrada por sete irmáns, dos cales actualmente dúas irmás cursan estudos no centro, que son completamente galegofalantes e nin o idioma familiar de orixe (o árabe) e os

costumes propios supuxeron xamais un atranco para que os fillos utilizasen o galego como lingua de relación social e académica. Non en van, o galego fixo que se integrasen moito máis e mellor na contorna social de A Pastoriza. Agás os irmáns maiores –que tamén aprenderon sen problemas o galego-, os demais irmáns comezaron os seus estudos primarios na zona, o que lles facilitou unha maior integración social e idiomática.

d) A situación lingüística no centro.

Neste apartado aproveitaremos para falar dos hábitos lingüísticos do resto dos integrantes da comunidade educativa do IES Fonmiñá. **O persoal non docente, isto é a administrativa, o conserxe, os limpadores e mais o persoal do comedor (o comedor é un servizo asignado a unha empresa externa pero con traballadoras do municipio) utilizan o galego como lingua de comunicación habitual**, tanto na atención ao persoal coma na escrita e na comunicación privada. En todos eles, agás no conserxe, é a súa lingua materna. **A Directora do centro ocúpase persoalmente, de xeito desinteresado, de traducir ao galego o menú semanal**, que despois se colga nas aulas. Trátase dun menú enviado orixinalmente en castelán pola empresa de *catering* de Salamanca que fornece o comedor.

Todos os documentos oficiais do centro (oficios, actas, notificacións de actividades, notificacións a pais/nais e membros do Claustro, partes de amoestación, solicitudes, anuncios, autorizacións para actividades extraescolares, convocatorias, etc.) **redáctanse integramente en lingua galega.**

As reunións de Claustros, CCP, Avaliacións, Consello Escolar, de carácter informativo para pais e nais dos alumnos/as, realízanse en lingua galega. Así e todo, nas reunións nas que participan case todos os membros do equipo docente (claustros, avaliacións, CCP) **téndese a alternar o uso do galego co castelán**, dependendo de quen interveña, malia que a lingua de arrinque é o galego.

No Equipo Directivo, a Directora comunícase habitualmente en galego, a Xefa de Estudos e o Secretario actuais soen facelo en castelán.

Na Biblioteca tamén se utiliza o galego para promocionar as súas actividades -agás cando se tratan de temas relacionados coa literatura española-, redactar as normas ou elaborar as fichas de empréstito. **O mesmo fan os demais Departamentos Didácticos na organización das súas actividades.**

Os contidos da web do IES Fonmiñá tamén están redactados en lingua galega:

<https://www.edu.xunta.gal/centros/iesfonmina/>

Nela pódense atopar exemplos das actividades realizadas polos diferentes Departamentos.

Podemos concluír este apartado sinalando que nunca houbo conflitos nin actitudes evidentes de rexeitamento da promoción do uso do galego no centro. O profesorado castelanfalante mantivo sempre un comportamento respectuoso co labor do EDL e coas actividades a prol da lingua.

3. OBXECTIVOS POR SECTORES.

Tendo en conta que a finalidade fundamental deste Proxecto é a do fomento do plurilingüismo, todos os departamentos de linguas (Lingua Galega/EDL, Lingua Castelá, Inglés e Francés) teñen unha relevancia especial na elaboración deste PLC, porque neles está a responsabilidade de que o alumnado adquira as competencias básicas sinaladas pola LOMCE no relativo a estas linguas. O EDL ten xa programación e proxecto de seu, o que non lle impide, por outra banda, colaborar estreitamente cos demais departamentos didácticos.

Xa que logo, tendo en conta a situación sociolingüística exposta no punto anterior, os obxectivos que nos propoñemos lograr neste curso son os que citamos a seguir:

a) Para a contorna:

- Fomentar o uso do galego no seu rexistro culto na documentación enviada polo centro, así coma en todas as actividades organizadas.
- Dar a coñecer ás familias e entidades locais as actividades organizadas polos departamentos de linguas (galego, castelán, inglés e francés), promocionándoas principalmente a través da web do IES Fonmiñá.
- Dar a coñecer polos medios de comunicación impresos (xornais *El Progreso*, *La Voz de Galicia*) algunhas actividades destacables dos distintos departamentos e da Biblioteca, levadas a cabo dentro e fóra do centro.

b) Para o profesorado e para o centro:

- Acudir aos diferentes departamentos de linguas para dúbidas lingüísticas, consultas, traducións de textos, asesoramento en material bibliográfico, audiovisual, tradutores, correctores, etc.
- Contribuír con actividades cuxo contido sexa a promoción das diversas linguas.
- Promocionar entre o profesorado a formación en idiomas, a través de organismos como o CFR ou a EOI.
- Valorar o uso de idiomas estranxeiros na impartición de materias non lingüísticas, como factor para mellorar a competencia do alumnado en inglés e francés.
- Na revista escolar ***Petiscos***, crear apartados bilingües (pasatempos, xogos, etc.), nos que colaboren varios departamentos lingüísticos para favorecer a interacción entre as linguas.
- Tentar de equilibrar, na medida do posible, a impartición de materias nas linguas oficiais, sen que iso contribúa a un retroceso no uso do galego, por ser esta a lingua propia de Galiza, falada maioritariamente na nosa contorna.

c) Para o alumnado:

- Valorar a importancia de coñecer máis dunha lingua, posto que isto favorece a adquisición de novos idiomas.
- Empregar as redes sociais (Facebook, Youtube...) para espallar as actividades organizadas a prol das linguas, por ser este un medio de comunicación máis acorde co gusto da mocidade.
- Asociar a reflexión sociolingüística e literaria a actividades colectivas, amenas e interdisciplinares.
- Fomentar a lectura tanto nas linguas vernáculos como en linguas estranxeiras.
- Coa axuda das responsables da **Biblioteca escolar**, promover a participación do alumnado en actividades relacionadas coa competencia en comunicación lingüística (participación en concursos de poesía, redacción, relato curto, etc.).
- Así mesmo, dado o contexto galegofalante no que nos atopamos, promover actividades que favorezan o uso do castelán oral ou escrito, para mellorar a competencia do noso alumnado na outra lingua oficial da comunidade (concurso de ortografía, erros xornalísticos, etc.)

- Aprezar e valorar as linguas tanto na súa vertente lúdica e creativa (teatro, raps, karaokes, etc.) como práctica, en diferentes contextos situacionais (uso na vida cotiá, importancia no mercado laboral, etc.)
- Posibilitar a integración do alumnado que non posúa o coñecemento suficiente da lingua predominante, favorecendo a inmersión lingüística do alumnado inmigrante (se o houber).

d) Específicos para o fomento do uso da lingua galega.

Como xa dixemos, o Equipo de Dinamización Lingüística do IES Fonmiñá ten proxecto de seu no cal están especificados os obxectivos para o fomento do uso do galego en cada sector da comunidade educativa. En xeral, veñen a ser os mesmos que para as outras linguas, xunto con algún específico que xa mencionamos máis arriba, pero dado o carácter oficial do galego na nosa comunidade, queremos facer fincapé no **emprego prioritario do noso idioma en todas as comunicacións do centro**, tanto orais como escritas. Así mesmo, gustaríanos destacar os obxectivos que se citan a seguir:

- Valorar o uso íntegro do idioma en diferentes disciplinas académicas e lúdicas (ciencias, arte, psicoloxía, matemáticas, pasatempos, deportes, tecnoloxía...) diferentes das habituais (lingua e literatura galega) así como noutros formatos (dixital e audiovisual, por exemplo).
- Participar activamente ou colaborar en actividades de promoción da lingua galega organizadas polo EDL.
- Afeccionarse a participar en certames literarios e concursos en lingua galega.
- Gozar coa expresión literaria en lingua galega como lector/a ou creador/a.
- Espallar e realizar o seguimento nas redes sociais (Facebook, Youtube...) de actividades lúdicas a prol da nosa lingua.

4. MEDIDAS E ACTUACIÓNS PARA LEVALOS A CABO.

a) Medidas xerais.

Do mesmo xeito que en todos os centros de ensino de Galiza, o I.E.S. Fonmiñá conta cun Equipo de Dinamización Lingüística destinado a promover e fomentar o uso

do galego na comunidade educativa. Como xa dixemos anteriormente, o noso centro está situado na contorna rural, onde a lingua galega é preponderante. Xa que logo, as **liñas de actuación para o fomento do uso do galego** baséanse principalmente no aspecto sociocultural e patrimonial. Todas as actividades destinadas a esta fin están recollidas no proxecto anual do Equipo de Dinamización Lingüística e cada ano, na addenda deste proxecto lingüístico, realizamos unha valoración das actividades levadas a cabo no curso anterior e propoñemos as que se realizarán no vindeiro curso.

Como xa comentamos anteriormente, desde o noso centro promovemos o uso do galego en todas as comunicacións oficiais, tanto orais como escritas (reunións, rótulos, carteis, avisos e comunicados, cartas, páxina web, etc.) Ademais, contamos sempre coa colaboración do EDL para revisar e corrixir posibles erros co fin de adaptalos á normativa oficial.

Con respecto aos outros idiomas, desde os departamentos lingüísticos propoñense actividades complementarias e extraescolares diversas, recollidas na programación anual, para mellorar a competencia lingüística do noso alumnado no caso do castelán e para fomentar a adquisición das linguas estranxeiras no caso do inglés e do francés. No que atinxe ás linguas estranxeiras, durante varios anos tivemos diversas seccións bilingües, tanto en lingua inglesa como francesa. Así mesmo, grazas a estas seccións contamos coa presenza de auxiliares de conversa nativos, de ambos os dous idiomas, que contribuíron a dar a coñecer a cultura dos seus países e a mellorar o intercambio oral nas súas linguas respectivas.

Por outra banda, desde a Biblioteca do IES Fonmiñá tentamos de ofrecerlle ao noso alumnado unha variedade de lecturas, axeitadas á súa idade, que favorezan a adquisición da lingua a través do hábito lector. Para iso, todos os anos dedicamos parte do noso orzamento á ampliación de fondos de literatura xuvenil.

Unha das medidas que queremos fomentar é a creación de blogues ou bitácoras sobre cada unha das materias e/ou departamentos para que o alumnado poida acceder a eles desde enlaces na nosa páxina web. Deste xeito, facilitaríalles o traballo de repaso, tanto na aula como na casa, a través de explicacións sinxelas dos contidos expostos na clase e de actividades de reforzo e/ou ampliación que lles resultarán algo máis lúdicas e amenas. De momento só está en marcha o blogue do EDL, con resultados satisfactorios, pero contamos con estender esta proposta a todo o claustro.

b) Medidas adoptadas para garantir os obxectivos do fomento do plurilingüismo.

Nunha sociedade como a actual na que o manexo e a destreza de varias linguas abre con máis facilidade a porta ao mercado laboral, é fundamental que o alumnado adquira coñecementos de máis dunha lingua desde a súa idade máis temperá. É traballo da etapa da E.S.O. continuar co labor comezado en Primaria neste aspecto. Aínda que o alumnado non prosiga os seus estudos máis aló da Ensinanza Secundaria Obligatoria, ou non desexe ir á Universidade, é importante conciencialo da importancia dos idiomas na vida cotiá, ademais de para o seu porvir laboral. Nun entorno practicamente monolingüe en galego como o é o do Concello de A Pastoriza, é importante que o alumnado teña tamén bos coñecementos de lingua castelá polos motivos anteriormente citados (mercado laboral, vida cotiá...) e porque se trata da lingua cooficial da nosa Comunidade Autónoma, xunto co galego, e por suposto, da lingua oficial do Estado. Iso non implica en modo ningún o desprezo á lingua materna, senón que falariamos máis ben de enriquecemento lingüístico.

Así mesmo, para mellorar as destrezas do alumnado en linguas estranxeiras, o I.E.S. Fonmiñá participou activamente en programas europeos desde o curso 2003-2004. No curso 2008-09 rematouse o segundo proxecto multilateral de **Aprendizaxe Permanente Comenius** en colaboración con centros educativos de Portugal, Polonia, República Checa, Romanía e Italia, cos que o profesorado e o alumnado implicado participaron en intercambios. A lingua de comunicación fundamental foi o inglés, tanto oral como escrito, polo que o papel do Departamento de Inglés foi moi importante. En menor medida, o francés foi tamén lingua vehicular do proxecto, polo que o correspondente departamento estivo igualmente á disposición do alumnado participante. Os intercambios cos diferentes países do proxecto favoreceron a inmersión do alumnado e do profesorado na lingua propia do país de acollida así como a necesidade de uso do inglés como lingua de comunicación xeral. Desde o curso 2009-2010 non se participou en máis proxectos europeos, fundamentalmente por necesidade de descanso do profesorado responsable, que levaba xa seis anos dedicándose á súa organización, pero non queremos desbotar a idea de volver a participar en anos vindeiros en proxectos deste tipo (agora chamados **Erasmus Plus**), debido ao éxito que tiveron entre o noso alumnado, moi implicado nestes proxectos, e ao enriquecemento que supuxo para todos nós tanto a nivel cultural como a nivel lingüístico.

Por outra banda, tal e como mencionamos máis arriba, durante moitos anos contamos tamén con **Seccións Bilingües** nas materias de Tecnoloxía e Proxecto Interdisciplinar (en inglés) e Informática (en francés), contando ademais coa colaboración de auxiliares de conversa nativos en ambas as dúas linguas. Actualmente, esas seccións quedaron extintas, ben por traslado do profesorado que as impartía, ben por deixar de existir a materia coa entrada en vigor da LOMCE. Con todo, estamos dispostos a presentar novos proxectos neste ámbito, sempre e cando sexa posible, xa que a escaseza de alumnado ás veces non nos permite acadar o número mínimo de alumnos esixidos para instaurar novas seccións.

Ademais, adoitamos informar e animar aos alumnos e alumnas do centro a que soliciten as axudas para a inmersión lingüística convocadas pola Consellería de Educación, para mellorar os seus coñecementos en linguas estranxeiras.

c) Medidas de reforzo destinadas a mellorar a competencia lingüística do alumnado con necesidades de apoio educativo.

Como xa comentamos no apartado anterior, a inmensa maioría do alumnado do I.E.S. Fonmiñá ten como lingua materna o galego, lingua da que se senten orgullosos e pola que non teñen sentimentos negativos nin de inferioridade cara ela. Iso supón toda unha vantaxe para o labor que ten que desenvolver o EDL do centro, cuxas actividades de fomento se centran máis no aspecto cultural e patrimonial que na concienciación do alumnado no uso da lingua galega. Con todo, unha elevada porcentaxe do alumnado do centro presenta importantes carencias na comprensión e expresión escrita da lingua galega, é dicir, que malia á grande riqueza léxica, fonética e morfolóxica do seu galego oral, os alumnos e alumnas amosan en xeral un escaso dominio do galego normativo polo que son frecuentes os castelanismos e as faltas de ortografía e de expresión, que veñen dadas por unha deficiente base lingüística xeral en etapas académicas precedentes e tamén por unha importante falta de hábito lector e de hábito de redacción. Todas estas carencias fan que parte do alumnado, pese a ser galegofalante, presente dificultades á hora de superar a materia de Lingua Galega.

Se atopamos estas dificultades no seo da materia de Lingua Galega, estas acentúanse aínda máis na materia de Lingua Castelá. O feito de estar presente nun 95% dos medios de comunicación orais e escritos non é a causa directa de que en moitas ocasións o

alumnado mesture inconscientemente galego con castelán e viceversa. Realmente acontece o mesmo que coa materia de Lingua Galega: unha mala base académica provoca que unha alta porcentaxe do alumnado do centro non consiga superar a materia. A preocupación por esta situación fixo que como Claustro tomásemos a decisión de consensuar que se tivesen en conta a ortografía e a expresión tanto en castelán como en galego á hora de cualificar os seus exames, fosen da materia que fosen.

No **Plan Lector de Centro**, que entrou en vigor no curso académico 2009-2010 e se renovou recentemente, fomentouse o hábito lector a través de diversas actividades. Está comprobado que os alumnos e alumnas cun bo hábito de lectura posúen unha maior riqueza de vocabulario e teñen menos problemas de ortografía e de expresión. O papel dos tutores/as e o do profesorado responsable da Biblioteca foi moi importante á hora da consecución dos obxectivos previstos, polo que contamos con seguir con estas medidas en vindeiros cursos.

Por outra banda, temos casos de **exención do ensino da segunda lingua estranxeira**. Ao comezo de cada curso, durante a avaliación inicial, adoitamos revisar as competencias dos alumnos/as, valoramos os informes previos (se veñen de Primaria e/ou se incorporan por primeira vez ao centro) e, tras reunirmos co departamento de Orientación, decidimos que rapaces e rapazas cumpren os requisitos para adoptar esta medida. Para todos aqueles alumnos/as que presentan serias dificultades de aprendizaxe, especialmente nas materias lingüísticas, procédese a solicitarlles esta exención da materia de Francés e durante esas dúas horas semanais reciben clases de reforzo educativo cunha profesora de apoio que lles axudará naqueles aspectos en que se detectasen dificultades. A Dirección do centro, oídos os pais/nais, e lidos os informes do departamento de Orientación e dos tutores, cursa a dita autorización de exención da segunda lingua estranxeira, seguindo a lexislación vixente (*Orde do 6 de setembro de 2007 e Circular 8/2009 da Dirección Xeral de Educación*).

Así mesmo, neste curso escolar comezamos a nosa participación no **programa PROA (Plan de Reforzo, Orientación e Apoio)** destinado a alumnado que presenta dificultades de aprendizaxe, así como aquel con desvantaxe educativa polo contorno sociocultural no que se desenvolve, no que quixemos reforzar os seus coñecementos nas áreas instrumentais (matemáticas e linguas) xa que detectamos certas eivas académicas, especialmente no alumnado de 1º de ESO, que chegou cun nivel moi baixo. No que se refire ás linguas, centrámonos fundamentalmente na comprensión lectora e na mellora da expresión escrita.

Para os casos máis graves, especialmente aqueles que necesitan de adaptacións curriculares, contamos así mesmo coa **presenza dunha profesora de Pedagogía Terapéutica**, que intervén principalmente nas materias instrumentais.

5. DISTRIBUCIÓN LINGÜÍSTICA CURRICULAR.

O artigo 4º do Decreto 79/2010 para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia ten as súa base nos seguintes principios:

- 1. Garantía da adquisición dunha competencia en igualdade nas dúas linguas de Galicia.*
- 2. Garantía do máximo equilibrio posible nas horas semanais e nas materias impartidas nas dúas linguas oficiais de Galicia, co obxectivo de asegurar a adquisición da competencia en igualdade nelas.*
- 3. Adquisición dun coñecemento efectivo en lingua(s) estranxeira(s), nun marco xeral de promoción do plurilingüismo no sistema educativo de Galicia.*
- 4. Participación e colaboración das familias nas decisións que atinxen ao sistema educativo co obxectivo de contribuír á consecución dos seus obxectivos.*
- 5. Promoción da dinamización da lingua galega nos centros de ensino.*

No contexto concreto da Educación Secundaria Obrigatoria, o Decreto sinala no seu artigo 7º:

- 1. Garantirase a adquisición da competencia lingüística propia da etapa e do nivel nas dúas linguas oficiais de Galicia.*
- 2. As materias de lingua impartiranse na lingua de referencia.*
- 3. Impartiranse en galego as materias de Ciencias sociais, xeografía e historia, Ciencias da natureza e Bioloxía e xeoloxía, e en castelán as materias de Matemáticas, Tecnoloxías e Física e química.*
- 4. Cada centro educativo, segundo o procedemento establecido no regulamento de centros, decidirá a lingua en que se impartirá o resto de materias de cada curso, garantindo que as materias en galego e en castelán se distribúen na mesma porcentaxe de horas semanais, sen prexuízo do disposto no capítulo IV (sobre a impartición de materias en linguas estranxeiras). Este proceso realizarase cada catro cursos escolares.*

O IES Fonmiñá presentou o reparto de horas nas diferentes linguas das materias estudadas na ESO e que resumimos no cadro a seguir de acordo co artigo 12º do Decreto sobre horarios e utilización das linguas:

CURSO	EN CASTELÁN	HORAS	EN GALEGO	HORAS
1º ESO	Lingua Española	4	Lingua Galega	4
	Matemáticas	5	Bioloxía e Xeoloxía	4
	Educación Física	2	Xeografía e Historia	3
	Oratoria	1	EPV	2
			Valores éticos*	1
			Relixión*	1
			Titoría	1
		12		17
2º ESO	Lingua Española	3	Lingua Galega	3
	Matemáticas	5	Xeografía e Historia	3
	Física e Química	3	Música	2
	Tecnoloxías	3	Valores éticos*	1
	Educación Física	2	Relixión*	1
	Investigación e Tratamento da Información	1	Titoría	1
		17		11
3º ESO	Lingua Española	3	Lingua Galega	3
	Matemáticas (académicas e aplicadas)	4 + 4	Xeografía e Historia	3
			Cultura clásica*	2
	Educación Física	2	Bioloxía e Xeoloxía	2
	Tecnoloxía	2	EPV	2
	Física e Química	2	Música	2
			Valores éticos*	1
			Relixión*	1
			Titoría	1
	13		17	

4º ESO	Lingua Española	3	Lingua Galega	3
	Matemáticas (académicas e aplicadas)	4 + 4	Xeografía e Historia	3
	Educación Física	2	Bioloxía e Xeoloxía*	3
	Física e Química*	3	EPV*	3
	Tecnoloxía*	3	Ciencias Aplicadas*	3
	Filosofía*	3	Economía*	3
	TIC*	3	IAEE*	3
	Latín*	3	Valores éticos*	1
			Relixión*	1
			Titoría	1
	24		24	

* = materias optativas.

NOTA 1: Inglés e Francés impartiranse nos respectivos idiomas.

NOTA 2: Cando se habilita un grupo de PMAR os ámbitos socio-lingüístico e científico-matemático aparecen divididos por materias, tentando sempre de manter o equilibrio entre galego e castelán.

6. EQUIPOS DE DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA.

O Decreto 79/2010, no seu artigo 15 fala do labor dos Equipos de Dinamización da Lingua Galega:

1. *Para potenciar o uso da lingua galega nos centros sostidos con fondos públicos, constituirase un Equipo de Dinamización da Lingua Galega, nomeado e supervisado pola Dirección do centro e formado polo seu coordinador/a, por profesorado, por representantes do alumnado e por persoal non docente.*
2. *A composición do Equipo de Dinamización da Lingua Galega para cada tipo de centro, as súas competencias, e o nomeamento, cesamento e competencias do seu coordinador/a serán establecidas nos regulamentos orgánicos dos centros educativos. Na constitución destes órganos tenderase a unha composición equilibradas de mulleres e homes.*

3. *Os Equipos de Dinamización da Lingua Galega terán un papel fundamental no deseño, posta en práctica e revisión dos programas de promoción da lingua galega nos centros educativos, contarán co apoio técnico necesario e os centros educativos terán a debida dotación de recursos didácticos, pedagóxicos e material en galego.*
4. *A Consellería competente en materia de Educación a través da Secretaría Xeral de Política Lingüística, coordinará o labor dos Equipos de Dinamización da Lingua Galega e divulgará as experiencias positivas nos centros educativos.*
5. *Con esta finalidade coordinadora, constituiranse comisións en cada Xefatura Territorial de Educación. A súa composición e funcións específicas serán determinadas pola Consellería competente en materia de Educación, a través da Secretaría Xeral de Política Lingüística, de acordo coas directrices da policía lingüística da Xunta de Galicia.*

O IES Fonmiñá seguiu e segue as normas de composición e de organización do EDL, que actualmente está formado polos seguintes membros:

- **Coordinadora:** Belén Martín Franco (Xefa do departamento de Lingua Galega e Literatura).
- **Profesores membros:** Carlos Cazón Rivas (Tecnoloxía) e Matilde Elena Arrizado Yáñez (Educación Plástica e Visual).
- **Persoal non docente:** María Dolores Carballo Vega (administrativa).
- **Alumnos membros:** Martín López González e Victoria Andrea Veiga Maseda (ambos os dous de 2º de ESO).

No tocante á Lingua Galega, ao se tratar da lingua natural da grande maioría do alumnado, o EDL organiza actividades relacionadas máis co ámbito literario, etnográfico e histórico que co puramente lingüístico, organizando actividades extraescolares e complementarias que veñen indicadas no correspondente Proxecto de fomento. Estas actividades consisten en visitas a museos, exposicións, monumentos, roteiros literarios, etc., todos eles relacionados coa riqueza do noso patrimonio artístico e cultural. No centro anímase aos estudantes a participar en certames literarios en lingua galega organizados polo propio centro, a Biblioteca do Concello ou outras entidades oficiais. Tamén se teñen organizado obradoiros de escritura creativa, de banda deseñada

en galego, de comunicación oral, de creación dunha canción de rap, e convidado escritores de literatura xuvenil en lingua galega.

7. IMPARTICIÓN DE MATERIAS EN LINGUAS ESTRANXEIRAS.

O Decreto 79/2010 no seu artigo 21, no que fala das materias non lingüísticas impartidas en linguas estranxeiras, sinala:

- 1. A Administración educativa fomentará a impartición en lingua/s estranxeira/s, principalmente en inglés, co obxectivo de que, de maneira progresiva e voluntaria, os centros educativos podan chegar a ofrecer ata un máximo dun tercio do seu horario lectivo semanal en lingua/s estranxeira/s.*
- 2. Cando nun determinado curso ou centro educativo aprobe a impartición dunha ou de varias das materias á que se refiren os artigos 6,7,8 e 9 do presente decreto en linguas estranxeiras, adaptará o seu proxecto lingüístico para garantir o máximo equilibrio de horas semanais ofertadas en galego e en castelán nese curso, segundo o procedemento establecido no regulamento de centros.*
- 3. No suposto sinalado no parágrafo anterior, e con carácter previo á súa aprobación, o centro deberá cursar a oportuna solicitude á Administración Educativa, para os efectos do outorgamento, de ser o caso, da correspondente autorización.*

Como xa comentamos previamente, neste momento non contamos con ningunha materia impartida en **Sección Bilingüe**, pero non desbotamos a idea de poñer novas seccións en marcha no futuro, dada a longa traxectoria do IES Fonmiñá neste tipo de proxectos.

Así mesmo, tras un período de descanso do profesorado, logo de dous **proxectos Comenius** consecutivos, consideramos que sería positivo implicar aos novos membros do Claustro nun novo proxecto (agora chamados **Erasmus Plus**) Para iso, deberíamos buscar candidatos a formar parte ou ben dun grupo multilateral ou ben dun intercambio bilateral, entre os centros das mesmas características que o noso que se ofrecen nas webs dos organismos competentes na materia.

No caso de poñer en marcha calquera destes dous plans, recolleriamos na addenda deste proxecto lingüístico as modificacións pertinentes.

8. AVALIACIÓN DO PROXECTO.

Nas reunións de Claustro e de CCP do mes de xuño valorarase o grao de cumprimento dos obxectivos fixados neste proxecto e poderanse facer propostas de mellora de cara a incorporalas no curso seguinte. As conclusións que se tiren destas reunións expoñeranse no Consello Escolar. Todos estes cambios reflectiranse na addenda anual que se remite á inspección educativa a comezos de cada curso escolar.

Así mesmo, cada catro anos este proxecto deberá ser revisado e actualizado, para o cal o equipo directivo, unha vez oída a CCP, volverá a nomear unha comisión formada polos xefes/as dos departamentos lingüísticos máis o coordinador/a do EDL, sen prexuízo de que haxa máis membros doutras materias non lingüísticas.

Don Jorge Moreno Castro, como secretario do IES Fonmiñá

CERTIFICA


Que este proxecto Lingüístico de centro recibiu a conformidade do Claustro de profesores e foi aprobado en Consello Escolar o día 29 de xuño de 2017, sendo remitido a inspección educativa o 30 de xuño de 2017.

A Pastoriza, 30 de xuño de 2017

Vº e prace da directora



Asdo.: Ana Campos Rey.



Asdo.: Jorge Moreno Castro.